

EU CONTO

O obxectivo do curso no IES A Pinguela de Monforte é que os alumnos entendan que calquera pode ser escritor e que se pode facer un conto de calquera anécdota. O único que precisan é coñecer unhas técnicas básicas para desenvolver historias. O enfoque será práctico, guiado polas nocións teóricas imprescindibles, tanto pola idade e a voluntariedade dos alumnos como pola duración do ciclo.

Utilizaremos tanto textos, como cancións, cadros ou alimentos.

Duración: 10 horas, distribuídas en dez sesións dunha hora, que impartirei entre os días 19 e 23 de maio; 26 e 28 de maio, e 2 e 3 de xuño. Os horarios serán de 14.30 e 15.30 horas.

Contidos

Clases 1 e 2.-*Teoría xeral do relato. Modos, medios e xéneros. Argumento*

Clases 3 e 4.-*O narrador. Voz. Punto de vista. Ton.*

Clases 5 e 6.-*Construción do personaxe. Espazo, ambientación.*

Clases 7 e 8.-*Estrutura. Inicio, punto de xiro, desenvolvemento, punto de xiro, desenlace.*

Clases 9 e 10.-*O estilo. O diálogo.*

CLASE 1

1.-Concepto de conto.

2.-Xéneros.

-Policíaco, ciencia-ficción, terror, aventuras, fantástico, amoroso, social.

3.-Técnica do conto.

-Idea central (intención do escritor). Exemplos de contos clásicos. Como *volver orixinal unha idea*. A mestura de elementos aparentemente sen conexión (non necesariamente surrealista: *O percherón mortal* de John Franklin Bardin). Cambiar a estrutura da idea (as horas contadas de García Márquez).

-Argumento. Práctica: Escribir un conto de xénero por correo electrónico e argumento por SMS.

-Título. Bos e malos títulos. A necesidade de sorprender. Captar idea básica. O título como un elemento máis (Capítulos de Gonzalo Moure)

-Situación inicial (ambientar o lector e chamar pola súa atención). Acción. Desenlace (ligar co principio, a sorpresa final).

-Motivo (impulso e xustificación para a acción, leitmotiv que a guía). Exemplo de conto.

-Narrador. personaxes (principais, secundarios; redondos, planos) A necesidade de identificarse co personaxe. Ambiente. Tempo. Espazo.

-Punto de vista. Exemplo: cadro de Vermeer.

-Estrutura

-Ritmo (como facer un ritmo vivo, un conto non é prosa poética. Suxeito/verbo/predicado. Cambios de ritmo. Ritmo lento ao primeiro para aceleralo despois)

-Finais (Ligando co principio. Pechados, abertos).

CLASE 2

O NARRADOR

1-Definición. Decide acción, personaxes, espazos, tempos, ? selecciona os feitos a contar. Exemplos de elementos incluídos e obviados no conto principal.

2-Medios. Narración directa, película, vídeo, sms, carta, diario, informe,..

3-Voz. Primeira, segunda e terceira persoa. A primeira participa o narrador nos feitos, na terceira é alleo. Elexiremos o narrador segundo a historia a contar (amor (1ª ou 2ª), detectives (1ª ou 3ª), misterio (1ª))
Exercicio

4-Distancia. Cercanía do narrador a respecto dos feitos. Estilo directo (Ela dixo: ¡Vaite!), indirecto (Ela díxolle que quería que marchases) e indirecto libre (Ela manifestou o seu desexo de que marchases).
Exercicio de cada estilo.

5-Foco. Narrador omnisciente. Conta o que senten os personaxes e pasa a outros espazos e outros tempos.
Omnisciente dos feitos
Omnisciente da psicoloxía do personaxe
Omnisciente integral
Personaxe narrador. Conta soamente o que o protagonista pode saber ou sentir.

Protagonista

Personaxe secundario

Testemuña. Narra o que mira dos personaxes.

Testemuña directa

Testemuña indirecta. Outro narrador que llo narra, información dundocumento.

6-Ton. Afectivo, soñador, melancólico, agresivo, xuzgador, irónico, burlesco, dubitativo, analítico,?

Subxectivo. Impricado emocionalmente. Frase complexa, abundante adxectivación, figuras literarias,...

Obxectivo. Distante. Estilo sinxelo, directo, descriptivo.

CLASE 3

O PERSONAXE

1-Función.- Personaxe como persoa

Personaxe como elemento do relato.

2.-Presentación.- Construción. Elementos físicos e psicolóxicos (xeito de falar, vestir, nome, sentimentos, movementos). Para construír o personaxe utilizaremos alguén coñecido (famoso ou do noso entorno). Exercicio de descrición dun protagonista (O verán de Giuseppe Arcimbolodo)

Personaxe plano e redondo. Don Quijote e Sancho. Quijotización de Sancho e sanchificación do Quijote

3.- Clases.

Protagonista

Antagonista

Obxectual. Temido, amado, desexado

Destinador. Personaxe que decide a acción

Destinatario. Beneficiario ou perxudicado pola acción.

4.- Diferenzar personaxes. Contraste físico e psicolóxico entre protagonista e os outros. Exemplo de literatura clásica.

O LUGAR

1.-Descrición. Necesidade de ambientar o lector. A escolla do elementos fundamentais. A sinxeleza descritiva (A barca verde). Empezar polo elemento central e ir logo cos periféricos. As formas, cores, olores, sabores. (Práctica: cadro O verán de Giuseppe Arcimboldo. Cata e descrición duns pasteis).

CLASE 4

ESTRUTURA

1.- Os tres bloques. Inicio, desenvolvemento e desenlace.

-Inicio. In media res.

-Desenvolvemento. A importancia de informar mentres se mantén a tensión.

-Desenlace. A relación co inicio e o desenvolvemento. A sorpresa. Final pechado e aberto.

2.- Puntos de xiro. Primeiro e segundo

3.- Exercicio.- Escribir unha estrutura.

CLASE 5

Exercicio. Escribir un conto.

1.- Escribir un argumento con principio, nudo e desenlace.

2.- Describir os personaxes. Protagonista e antagonista